



LUNS, 7 DE AGOSTO DE 2023 LUNES, 7 DE AGOSTO DE 2023 | BOP NÚMERO 149

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Determinación da relación de cargos que desempeñarán en réxime de adicación exclusiva así como as retribucións que corresponden a cada un deles

ANUNCIO: DETERMINACIÓN DA RELACIÓN DE CARGOS QUE DESEMPEÑARÁN EN RÉXIME DE ADICACIÓN EXCLUSIVA ASÍ COMO AS RETRIBUCIÓNNS QUE CORRESPONDEN A CADA UN DELES.

O Pleno do Concello de Melide, na sesión extraordinaria e urgente do día 1 de agosto de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: Determinación da relación de cargos que desempeñarán en réxime de adicación exclusiva así como as retribucións que corresponden a cada un deles

O artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Régimen Local, establece que os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, caso no que serán dados de alta no Régimen xeral da Seguridade Social, assumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda. E o artigo 75 bis regula o régimen retributivo dos membros das Corporacións Locais.

No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvimento doutras actividades, todo isto nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

A maiores, os membros da Corporación que asuman a dedicación exclusiva ou parcial non percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación dos que formen parte, sen prexuízo da percepción das indemnizacións que correspondan noutros supostos.

O artigo 75 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece os límites aos que se suxeitará a prestación dos servizos nos Concellos en régimen de dedicación exclusiva por parte dos seus membros. En concreto é aplicable ao Concello de Melide o artigo 75 ter. d) que dispón: “En los Ayuntamientos de Municipios con población comprendida entre 3.001 y 10.000 habitantes, los miembros que podrán prestar sus servicios en régimen de dedicación exclusiva no excederá de tres”.

Pola súa banda, segundo o establecido na disposición adicional vixésima séptima da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (BOE núm. 308, do 24/12/2022), relativa ao régimen retributivo dos membros das Corporacións Locais, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que, no seu caso, teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais, será de 52.272,61 € para unha poboación comprendida entre os 5.001 a 10.000 habitantes.

Resultando que as retribucións dos cargos políticos que se van propoñer son acordes ás responsabilidades de xestión que van desempeñar en atención ás súas respectivas delegacións, ao traballo a desenvolver en beneficio da veciñanza así como da situación económica actual.

Logo de ver o informe favorable de intervención municipal de ref.: 334M/2023, de data 31 de xullo de 2023, así como o certificado de existencia de crédito de ref.: 333M/2023, desa mesma data.

Logo de ver que na sesión Plenaria celebrada o día 18 de xullo de 2023 acordouse rexistar a proposta e tendo en conta todo o anterior formulase a seguinte proposta ao Pleno de retribucións de cargos electivos:

PRIMEIRO: os cargos electivos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva son os que de seguido se indican, coas retribucións que lles corresponden, segundo se sinala na seguinte táboa:

Cargo	Dedicación	Retribución bruta anual
Concellaría de Urbanismo	Exclusiva	35.000,00 €
Concellaría de Política Social	Exclusiva	33.000,00 €
Concellaría de Cultura e Educación	Exclusiva	33.000,00 €
Total		101.000,00 €

As retribucións anuais sinaladas distribuiranse para a súa percepción en catorce pagas anuais iguais, correspondéndose con doce pagas mensuais e 2 extraordinarias, da mesma contía, a percibir nos meses de xuño e decembro.

SEGUNDO: as retribucións anuais sinaladas revisaranse anualmente, sen necesidade de novo acordo plenario adicional e con efectos do 1 de xaneiro de cada exercicio, na proporción que determinen os orzamentos xerais do Estado para as retribucións do persoal ao servizo do sector público, debendo cumplirse cos límites máximos totais que poden percibir os membros das corporacións locais fixados polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado de cada exercicio.

TERCEIRO: para a aplicación do réxime de dedicación aos membros da Corporación que ostenten ou sexan nomeados nos cargos referidos, estes deberán aceptar expresamente a dedicación, caso no que esta circunstancia será comunicada ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre. No caso de non aceptarse a dedicación no prazo de tres días hábiles dende a notificación do acordo correspondente, entenderase rexeitada e ao Concelleiro de que se trate lle será de aplicación o réxime previsto no apartado 3 do artigo 75 da Lei 7/1985.

CUARTO: publicar integralmente no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello o presente acordo.

Melide, 2 de agosto de 2023. O alcalde, José Manuel Pérez Penas.

2023/6432